

Memoria de actividades 2015

CONSELLO SOCIAL

Universidade de Santiago de Compostela



CONSELLO SOCIAL

Edición: Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

Casa da Concha. Rúa da Conga nº 1
15782. Santiago de Compostela
Telf.: 881 813 442
csocial@usc.es
www.usc.es/csocal

Depósito Legal: xxxxx
Fotografías: Santiago Alvite Fidalgo (Santi Alvite Fotógrafo)
Fotografía de portada: Campus na nube
Deseño e impresión: Campus na nube

ÍNDICE

ÍNDICE

PRESENTACIÓN DO PRESIDENTE	7
COMPOSICIÓN DO CONSELLO SOCIAL	11
EN REPRESENTACIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE.....	13
EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA	13
CESES E NOMEAMENTOS AO LONGO DO ANO	15
COMISIÓN DE TRABALLO	17
REPRESENTACIÓN DO CONSELLO SOCIAL NOUTROS ÓRGANOS.....	21
XUNTANZAS E ACORDOS DO PLENO	25
XUNTANZAS E ACORDOS DAS COMISIÓNS.....	31
REUNIÓNS E COMPARENCIAS.....	35
CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES	35
AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA	38
ASISTENCIA A OUTROS ACTOS	40
OUTRAS ACTIVIDADES	41
PROGRAMA NACIONAL DE PRÁCTICAS EN EMPRESAS E INSTITUCIÓNS.	43
BOLSAS DE COLABORACIÓN 2015.....	45
OUTRAS ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPOU O CONSELLO SOCIAL	50
EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO CONSELLO SOCIAL.....	57
AUDITORÍA FINANCEIRA E DE LEGALIDADE DA UNIVERSIDADE	61
MARCO NORMATIVO.....	65



Celebración dun pleno

PRESENTACIÓN

PRESENTACIÓN DO PRESIDENTE

DOPRESIDENTE

Cumprindo coa obriga legal indicada na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, com-prácame presentar a Memoria de Actividades do ano 2015 do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

A realización e posterior divulgación das *Memorias Anuais de Actividades do Consello Social* é un dos momentos aos que lle damos maior importancia xa que supón un considerable exercicio de transparencia e de rendemento de contas cara á sociedade, así como de explicar o cometido e contido do Consello Social, e por último facer ver os obxectivos acadados ao longo do ano.

Das actuacións desenvolvidas polo Consello Social, ademais do exercicio das súas competencias legalmente establecidas e que se atopan nos acordos dos distintos Plenos celebrados neste ano, cabe resaltar algunha das accións a prol do estudiantado. De entre todas elas destaca o *Programa Nacional de Prácticas en Empresas e Institucións*, que permite acercar ao alumnado ao mercado laboral, e que con este cumpre xa vinte anos da súa posta en marcha. Será este o último ano do Programa no seu actual formato, xa que nun futuro próximo comezará outra etapa na oferta de prácticas e estadias en empresas ao alumnado, esta vez dentro do marco das prácticas extracurriculares, aínda que o espírito e a dinámica de traballo serán similares ao existente ata o de agora.

Este foi o primeiro ano no que o Consello realizou unha *Convocatoria de actividades Susceptibles de ser financiadas polo Consello Social durante o ano 2015*. Mediante esta participouse economicamente na posta en marcha destas actividades dando o pulo necesario para que se consoliden no tempo, quedando altamente satisfeitos tanto das expectativas que tiñamos como dos resultados acadados. As actividades abrangaron distintas ramas e foron dirixidas cara a un amplo abano de público (indo dende a celebración de foros sobre a Universidade, como a complementar a formación dos nosos estudantes, a creación de unidades de divulgación científica, a inserción dos/as nosos/as estudantes, etc.), pero sempre coa mente posta no noso principal obxectivo de achegar a Universidade á sociedade.

Este ano aprobouse un novo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia, que tras intensos meses de negociación tivo o seu colofón o día 29 de outubro. Consolidase o financiamento da tres universidades galegas cunha subvención fixa así como a posibilidade de poder incrementarse en base á eficiencia de calidade das Universidades.

Por último gustaríame aproveitar a ocasión para agradecer o apoio de todos integrantes do Consello Social, tanto aos conselleiros e conselleiras como ao persoal de administración e servizos, que co seu labor fan posible o normal desenvolvemento deste órgano de goberno da Universidade Compostelán.

José María Arias Mosquera
Presidente do Consello Social

COMPOSICIÓN DO CONSELLO SOCIAL

COMPOSICIÓN DO CONSELLO SOCIAL

CONSELLO SOCIAL



Inauguración Curso Académico 2015-2016 (11 setembro de 2015)

PRESIDENTE:

Don José María Arias Mosquera

CONSELLEIROS/AS NATOS:

Don Juan M. Víaño Rey
Reitor da Universidade

Dona Consuelo Ferreiro Regueiro
Secretaria Xeral da Universidade

Don José Manuel Villanueva Prieto
Xerente da Universidade

I. EN REPRESENTACIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE

Don Javier Bueno Lema
En representación do Persoal Docente e Investigador

Don Antonio Pérez Casas
En representación do Persoal de Administración e Servizos

Don Iván Rodríguez Iglesias
En representación do Estudantado

II. EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA

CONSELLEIROS/AS DESIGNADOS/AS POLO PARLAMENTO DE GALICIA

Don Juan Luís Castro Rodríguez

Don Enrique Feáns García

Don Jesús Couceiro Rivas

Don Raúl López López
Dona María Isabel Salazar Bello
Don José Sierra Fernández

CONSELLEIROS/AS DESIGNADOS/AS POLA XUNTA DE GALICIA

Don Carlos Martí Mallén
Dona Marta Álvarez Montes
Don Manuel Luís Silva Constenla
Don Miguel Ramón de la Calle Amaro
Don José Manuel Chousa Vázquez
Dona Blanca de Cora García-Montenegro

CONSELLEIROS/AS DESIGNADOS/AS POLOS SINDICATOS

Don José Rábade Arias
Don Emilio Crespo Correa
Dona Marta Ferreiro Fernández

CONSELLEIROS/AS DESIGNADOS/AS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS

Don Jesús José Chenel Noya
Don Jesús Méndez Álvarez-Cedrón
Dona Carmen Fernández Vilas
Dona María Caeiro Rey

CONSELLEIROS/AS DESIGNADOS/AS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS DOS CONCELLOS DOS CAMPUS

Don Manuel Dios Diz
Don Luís García Santalla

CONSELLEIRA DESIGNADA POLOS COLEXIOS PROFESIONAIS

Dona M^a Rosa Álvarez Prada

CONSELLEIRO DESIGNADO POLA ASOCIACIÓN DE ANTIGOS ALUMNOS DA USC

Don Ángel López Conde

Secretario do Consello Social

Don José Benigno Carril Pérez

CESES E NOMEAMENTOS AO LONGO DO ANO

Na Orde do 25 de marzo de 2015, publicada o 7 de abril de 2015, nomeouse a Don Ángel López Conde en substitución de Don José Santiago Pérez en representación dos Antigos Alumnos da USC.

Na orden do 22 de abril de 2015, publicada o 6 de maio de 2015, nomeouse a Don Javier Bueno Lema en substitución de Don Julio A. Seijas Vázquez como representante do Persoal Docente e Investigador; tamén se nomeou a Don Iván Rodríguez Iglesias en substitución de Don Santiago Piñeiro Edreira como representante dos/as estudantes; e por último deuse continuidade ao nomeamento de D. Antonio de Pádua Pérez Casas como representante do Persoal de Administración e Servizos.

Na Orde do 11 de novembro de 2015, publicada o 24 de novembro de 2015, nomeouse a Don Manuel Dios Diz en substitución de Dona María José Corral López como representante do Concello de Santiago de Compostela.

COMISIONES

COMISIONES DE TRABAJO

DE TRABAJO



De conformidade co disposto na Lei 6/2013 do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, e no Regulamento de organización e funcionamento deste Consello Social creáronse as seguintes comisións de traballo: Comisión Executiva, Comisión Económica, Comisión Académica e Comisión de Relacións coa Sociedade. Os acordos das comisións requirirán a aprobación do Pleno.

Os integrantes das comisións désígnanse de entre os membros do Consello Social.

COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL

- D. José María Arias Mosquera (Presidente do Consello)
- D. Juan Viaño Rey (Reitor da USC)
- D. José Manuel Villanueva Prieto (Xerente da USC)
- D^a. María Caerio Rey (Vicepresidenta da Comisión Académica)
- D. Enrique Feáns García (Vicepresidente da Comisión de Relacións coa Sociedade)
- D. Carlos Martí Mallén
- D. Jesús Méndez Álvarez-Cedrón

COMISIÓN ECONÓMICA

- D. José Manuel Villanueva Prieto
- D. Jesús Méndez Álvarez-Cedrón
- D. Carlos Martí Mallén
- D. José Sierra Fernández
- D. Antonio Pérez Casas
- D. Jesús Chenel Noya
- D. Miguel de la Calle Amaro

COMISIÓN ACADÉMICA

D^a. María Caeiro Rey (Vicepresidenta da Comisión Académica)

D^a. Consuelo Ferreiro Regueiro

D. Raúl López López

D^a. Isabel Salazar Bello

D^a. Marta Álvarez Montes

D. Miguel de la Calle Amaro

COMISIÓN DE RELACIONES COA SOCIEDADE

D. Enrique Feáns García (Vicepresidente da Comisión de Relacións coa Sociedade)

D. Manuel Silva Constenla

D^a. Blanca de Cora García-Montenegro

D^a. Carmen Fernández Vilas

D. Jesús Couceiro Rivas

REPRESENTACIÓN DO CONSELLO SOCIAL NOUTROS ÓRGANOS

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES

En virtude do artigo 58-g) da Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, os presidentes ou presidentas dos Consellos Sociais das universidades integrantes do SUG forman parte da composición do Consello galego de universidades.

Representante do Consello: D. José María Arias Mosquera

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)

En virtude do artigo 16-e) da Resolución do 10 de decembro de 2008, da dirección Xeral de Ordenación e Calidade do SUG, pola que se publica o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de A Coruña e a Universidade de Vigo, polo que se modifica o convenio de 30 de xaneiro de 2001 para a creación do Consorcio Axencia para a Calidade do SUG, os presidentes ou presidentas dos Consellos Sociais das universidades integrantes do SUG forman parte da composición do Consello de Dirección da ACSUG

Representante do Consello: D. José María Arias Mosquera

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE GOBERNO DA USC

Por acordo do Pleno do 20 de decembro de 2012, forma parte do Consello de Goberno da USC representando ao Consello Social:

D. Miguel de la Calle Amaro

REPRESENTANTES DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN DE MECENADO E COLABORACIÓN DA USC

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forman parte da Comisión de Mecenado e Colaboración da USC:

D. José María Arias Mosquera

D. Enrique Feáns García

D^a. María Caeiro Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA FUNDACIÓN DIETA ATLÁNTICA

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte do padroado da Fundación:

D^a. Isabel Salazar Bello

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA USC-DEPORTIVA

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte do padroado da Fundación:

D. Raúl López López

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA SOCIEDADE XESTORA DE INTERESES (UNIXEST)

Por acordo do pleno de 19 de febreiro de 2013, actualmente forma parte do Consello de Administración de UNIXEST:

D. Carlos Martí Mallén

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO OBSERVATORIO DO CÓDIGO ÉTICO DA USC

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte do Observatorio:

D. Enrique Feáns García

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN REITORA DO CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN EN QUÍMICA BIOLÓXICA E MATERIAIS MOLECULARES (CIQUS)

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte da Comisión Rectora do CIQUS o Presidente do Consello Social:

D. José María Arias Mosquera

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN REITORA DO CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN EN MEDICINA MOLECULAR E ENFERMIDADES CRÓNICAS (CIMUS)

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte da Comisión Rectora do CIMUS o Presidente do Consello Social:

D. José María Arias Mosquera

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN REITORA DO CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN (CITIUS)

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte da Comisión Rectora do CITIUS o Presidente do Consello Social:

D. José María Arias Mosquera

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN DO CAMPUS VIDA

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte da Comisión do Campus Vida o Presidente do Consello Social:

D. José María Arias Mosquera

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN DA FACULTADE DE MEDICINA

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte da Comisión da Facultade de Medicina o Presidente do Consello Social:

D. José María Arias Mosquera

XUNTANZAS E

ACORDOS DO

XUNTANZAS E ACORDOS DO PLENO

DO PLENO

Acordos do pleno de 26 de febreiro de 2015:

- Información sobre o desenvolvemento do Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio e sobre o Plan de Financiamento do Sistema Unversitario de Galicia.
- Informe da modificación da relación de postos de traballo do Persoal Docente e Investigador.
- Aprobación da proposta de asignación de complementos retributivos autonómicos: convocatoria 2014.
- Aprobación de sexenios.
- Aprobación da participación da USC en empresas de base tecnolóxica.
- Información de memorias de cursos de posgrao propios.
- Aprobación de prezos públicos.
- Aprobación de dozóns.
- Información sobre convenios da Universidade.
- Aprobación da proposta de edición do "Libro de discursos do exreitor D. Juan J. Casares Long".
- Aprobación da convocatoria de actividades susceptibles de ser financiadas polo Consello Social durante o ano 2015.

Acordos do pleno de 16 de abril de 2015:

- Aprobación da Memoria Anual do Consello Social do ano 2014.
- Información de memorias de cursos de posgrao propias.
- Aprobación de modificacións orzamentarias.
- Informe de implantación da simultaneidade de estudos de grao.
- Aprobación da proposta de prezos do Programa de Atención de Estudantes de Fóra da Unión Europea (PATEX).
- Aprobación de prezos de aloxamento no Sistema Universitario de Residencias (SUR) da USC para o curso 2015-2016.
- Aprobación de prezos de aloxamento no SUR da USC para estudantes de internacionais para o curso 2015-2016.
- Aprobación de prezos de aloxamento no SUR da USC para membros da comunidade universitaria ou alumnos da Universidade de Verán 2015, durante o período comprendido entre o 8 de xuño e o 30 de agosto de 2015.
- Aprobación de prezos de aloxamento no SUR da USC para congresos durante o curso 2015-2016.
- Aprobación de prezos de aloxamento no SUR da USC para visitantes durante o curso 2015-2016.
- Información sobre convenios da Universidade.

Acordos do pleno de 18 de xuño de 2015:

- Información e ratificación dos acordos adoptados na Comisión Executiva do 12 de maio: Convocatoria de actividades a financiar polo Consello Social durante o ano 2015; Informe do estado de implantación e modelo de contabilidade analítica; *Fóra da orden do día*: aprobación de prezos da escola Infantil Breogán e das axudas para a escolarización dos nenos e nenas de menos de tres anos do Campus de Lugo (Cheque Bebé) para o curso 2015-2016.
- Aprobación da resolución das actividades a financiar por parte do Consello Social durante o ano 2015.
- Aprobación da revisión dos criterios para o reparto das Bolsas de Colaboración do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte destinadas a iniciar nas tarefas de investigación aos alumnos de último curso de grao ou de segundo ciclo, ou primeiro curso de máster que presten a súa colaboración dun Departamento, Instituto ou centro con funcións docente s e investigadoras, en réxime de compatibilidade cos seus estudos.
- Informe do proxecto de decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2015-2016.
- Informe de modificación de titulacións oficiais: másteres.
- Informe de revogación de titulacións oficiais: másteres.
- Aprobación de modificación da normativa de permanencia nas titulacións de grao e máster.
- Informe da modificación da relación de postos de traballo do Persoal Docente e investigador.
- Aprobación da asignación de complementos por mérito docente: convocatoria 2014.
- Aprobación da modificación da asignación de complementos retributivos autonómicos (excelencia curricular): convocatoria 2014.
- Aprobación de transferencias de coñecemento.
- Aprobación de modificacións orzamentarias.
- Información da incorporación de remanentes.
- Aprobación de taxas de cursos de posgrao e información de memorias.
- Aprobación de doazóns e cesións de uso de bens propiedade da Universidade.
- Información da execución do Plan de Equilibrio Económico e Financeiro correspondente ao primeiro trimestre do ano 2015.
- Información sobre convenios da Universidade.

Acordos do pleno de 9 de xullo de 2015:

- Información e ratificación de acordos adoptados na Comisión Executiva do 23 de xuño: Aprobación da distribución de 80 bolsas de colaboración do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para o curso 2015-2016 destinadas a iniciar nas tarefas de investigación ao alumnado de último curso de grao ou de segundo ciclo ou primeiro curso de máster que presten a súa colaboración nun Departamento, Instituto de Investigación ou Centro Singular de Investigación, en réxime de compatibilidade cos seus estudos.
- Informe da Auditoría da USC do exercicio económico 2014, e informe da auditoría das sociedades mercantís: Unixest, Uninova, e Cursos Internacionais da USC do exercicio económico 2014.
- Aprobación da Memoria Económica do exercicio 2014 da USC e Sociedades Participadas: Contas Anuais e Informe de Xestión.
- Aprobación dun axuste nas condicións financeiras do préstamo da USC coa entidade bancaria A Banca.
- Informe de implantación de novas titulacións oficiais para o curso 2016-2017: másteres.
- Informe de modificación e titulacións oficiais para o curso 2016-2017: graos, másteres, programas de doutoramento e titulacións propias.
- Aprobación de taxas de cursos de posgrao propios e información de memorias.
- Aprobación de modificacións orzamentarias.
- Aprobación de doazóns en favor da Universidade.
- Información sobre convenios da Universidade.

Acordos do pleno de 20 de outubro de 2015:

- Información do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia para o período 2016-2020.
- Aprobación da segunda e definitiva prórroga do "*Contrato para a realización da auditoría financeira e de legalidade da USC e as sociedades participadas: exercicios 2012 e 2013*", para o ano 2015.
- Aprobación de tarifas por servizos prestados: Servizo de deportes da USC.
- Informe da modificación da relación de postos de traballo do Persoal Docente e Investigador.
- Aprobación de complementos retributivos da actividade investigadora do PDI contratado (sexenios) correspondentes á convocatoria do ano 2014.
- Aprobación de taxas de cursos de posgrao propios e información de memorias.
- Aprobación de modificacións orzamentarias.
- Aprobación de doazóns en favor da Universidade.
- Aprobación da proposta de licenza de familia de patentes.
- Información sobre convenios da Universidade.
- Aprobación da operación de substitución do préstamo subscrito coa entidade bancaria BBVA por outra coa entidade A Banca polo importe equivalente.

Acordos do pleno de 26 de novembro de 2015:

- Información da proposta de creación de Programas de Xestión Integrada de Investigación (PIXI).
- Información do Servizo de Control Interno do ano 2014.
- Información da execución do Plan de Equilibrio Financeiro e información das liñas xerais do orzamento da USC.
- Información sobre a oferta pública de emprego do Persoal de administración e Servizos para o ano 2015.
- Aprobación de modificacións orzamentarias.
- Información do Regulamento de Estudos Propios de Posgrao e de Formación Continua.
- Aprobación de taxas de Cursos de Posgrao Propios e información de memorias.
- Información sobre convenios da Universidade.

Acordos do pleno de 22 de decembro de 2015:

- Informe do convenio entre a Xunta de Galicia e a USC para a determinación do financiamento desta entidade no marco do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020.
- Aprobación do orzamento da Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2016.
- Informe da modificación da relación de postos de traballo do Persoal de Administración e Servizos.
- Informe da modificación da relación de postos de traballo do Persoal Docente e Investigador.
- Aprobación de complementos retributivos da actividade investigadora do PDI contratado (sexenios) correspondentes á convocatoria do ano 2014.
- Informe de modificación de titulacións oficiais: Grao en Lingua e Literatura Galegas.
- Informe de memorias de cursos de posgrao propios.
- Aprobación dos prezos de bolsas de comedor do Servizo Universitario de Residencias (SUR) para o curso 2015-2016.
- Información da execución dos contratos de servizos adxudicados pola USC e cunha contía superior a 500.000 euros.
- Aprobación de doazóns en favor da Universidade.
- Información sobre convenios da Universidade.

XUNTANZAS

E ACORDOS

XUNTANZAS E ACORDOS DAS COMISIÓNS

DAS COMISIÓNS



COMISIÓN EXECUTIVA

Acordos da comisión do 12 de maio de 2015:

- Aprobación de prezos da Escola Infantil Breogán e das axudas para a escolarización dos nenos e nenas menores de tres anos no campus de Lugo (cheque bebé) para o curso 2015-2016.
- Convocatoria de actividades a financiar polo Consello Social durante o ano 2015.
- Informe do estado de implantación e modelo de contabilidade analítica.

Acordos da comisión do 23 de xuño de 2015:

- Aprobación da distribución de 80 bolsas de colaboración do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para o curso 2015-2016 destinadas a iniciar nas tarefas de investigación ao alumnado de último curso de Grao ou de segundo ciclo ou primeiro curso de Máster que presten a súa colaboración nun Departamento, Instituto de Investigación ou Centro Singular de Investigación, en réxime de compatibilidades cos seus estudos.

REUNIÓNS E

REUNIÓNS E COMPARENCIAS

COMPARENCIAS

CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES.

Reunión extraordinaria do 3 de xuño de 2015

1. Informe sobre o proxecto de Decreto polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais para o curso 2015/2016.
2. Informe sobre:
 - a) Autorización de implantación nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo das ensinanzas universitarias oficiais de Grao, Máster universitario e Doutoramento, para o curso 2015/2016
 - b) Revogación de títulos universitarios oficiais nas universidades do SUG.
3. Informe sobre o proxecto de Decreto sobre a modificación da denominación da Escola de Negocios Caixanova.
4. Designación de representantes das universidades públicas de Galicia na Fundación Centro Tecnolóxico Agroalimentario (CETAL).

Reunión do 13 de outubro de 2015

1. Aprobación, se procede, da acta do pleno do 22 de decembro de 2014 e do pleno extraordinario de 3 de xuño de 2015.
2. Asuntos para coñecemento:
 - a) Normativa publicada
 - b) Convocatorias de prazas profesorado universitario contratado.
3. Informe sobre o Plan Galego de Financiamento Universitario 2016/2020.
4. Informe sobre a proposta de autorización á Universidade da Coruña para a implantación do Doutoramento en Saúde, Discapacidade, Dependencia e Benestar.
5. Informe sobre a proposta de revogación do Máster universitario en Oceanografía e do Máster universitario en Ciencias do Clima: Meteoroloxía, Oceanografía Física e Mudanza Climática, na Universidade de Vigo.
6. Informe sobre a avaliación do Plan de Viabilidade de cada un dos títulos afectados.
7. Informe sobre o proxecto de Decreto polo que se regula a inspección no ámbito universitario na Comunidade autónoma de Galicia.
8. Información sobre as solicitudes de informe previo a verificación de titulacións, para o curso 2016/2017.

REUNIÓN DO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA.

Reunión do 16 de xullo de 2015

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (xuntanza ordinaria do 19 de decembro de 2014).
2. Informe da presidenta.
3. Convenios da ACSUG con outras institucións.
4. Memoria de actividades do 2014.
5. Informe sobre o estado da tramitación para a aprobación do Estatutos da ACSUG.
6. Asuntos económicos:
 - a) Estado de liquidación do orzamento e memoria das Contas Anuais a 31-12-2014.
 - b) Inventario da ACSUG a 31-12-2014.
 - c) Proposta de modificación dos orzamentos do exercicio 2015.
 - d) Anteproxecto do orzamento 2016 – Programa de actuacións, Investimentos e Financiamento (PAIF).
7. Redistribucións dos membros dos comités de asesores expertos.
8. Sistema de Xestión da ACSUG:
 - a) Informe anual do 2014 de revisión do sistema de xestión da ACSUG.
 - b) Resumo Sistema de Xestión da ACSUG do primeiro semestre de 2015.
 - c) Obxectivos de Calidade 2015.
 - d) Obxectivos de Medio Ambiente 2015.
 - e) Declaración Ambiental ACSUG 2014.
9. Rogos e preguntas.

Reunión do 17 de decembro de 2015

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (xuntanza ordinaria do 16 de xullo de 2015)
2. Informe da presidenta
3. Convenios da ACSUG con outras institucións.
4. Planificación de actividades 2016.
5. Informe sobre o estado da tramitación para a aprobación do Estatutos da ACSUG.
6. Renovación dos membros da CGIACA.
7. Renovación dos membros do Consello Asesor.
8. Destrucción documentación xustificativa dos méritos curriculares das convocatorias de acreditación do 2007, 2008 e 2009.
9. Retribucións dos membros dos comités de asesores expertos.
10. Asuntos Económicos: Proxecto de orzamentos para o exercicio 2016.
11. Sistema de Xestión da ACSUG: Resumo Sistema de Xestión do 2º semestre de 2015.
12. Rogos e preguntas.

ASISTENCIA A OUTROS ACTOS

Entre as actividades cómpre subliñar as seguintes:

- Participación no acto de entrega das credenciais de Sostibilidade, Integración e Participación Universitaria (SPIU) aos 33 alumnos/as que acadaron unha bolsa para desenvolver tarefas e actividades vinculadas á sostibilidade e o medio ambiente nas facultades dos campus de Santiago e Lugo, e nas residencias e colexios maiores do Sistema Universitario e Residencias.
- Asistencia ao acto de celebración da festividade de San Tomé de Aquino, cuxa organización recaeu este ano na Facultade de Humanidades de Administración e Dirección de Empresas.
- Asistencia ao acto literario organizado pola USC con motivo da celebración do Día das Letras Galegas e que este ano recaeu en D. Xosé Filgueira Valverde.
- Participación no acto de "Recoñecemento aos mellores estudantes que acadaron unha nota superior a 9 nos seus estudos", que tivo lugar no Auditorio de Galicia, e que está encadrado dentro do programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC".
- Asistencia ao acto de inauguración da "Reunión Anual de Directores del Instituto Cervantes".
- Asistencia ao acto de inauguración do curso académico do Sistema Universitario de Galicia celebrado na Universidade de A Coruña.
- Asistencia ao acto de inauguración do curso académico da USC celebrado no Salón Nobre de Fonseca.
- Asistencia aos almozos informativos encadrados dentro do espazo "Forum Europa. Tribuna Galicia" de D. Alberto Nuñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia, e de D. Juan Viaño Rey, reitor da USC.

O U T R A S

OUTRAS ACTIVIDADES

A C T I V I D A D E S



PROGRAMA NACIONAL DE PRÁCTICAS.

Descrición do Programa de Prácticas

O Consello Social entre os seus cometidos ten a obriga de levar un labor de achegamento aos distintos estamentos da sociedade, dentro destes cabe destacar a promoción de convenios de colaboración con entidades tanto galegas como de ámbito nacional para a realización de prácticas profesionais nelas por parte do estudantado da nosa Universidade.

As prácticas non orixinan ningún vínculo laboral entre a empresa e o estudante, senón que ámbolos dous están suxeitos a un convenio de cooperación educativa. Así mesmo poden realizarse en calquera mes do ano (incluídas as vacacións académicas) dentro do horario laboral da entidade colaboradora. En canto a horas totais das prácticas, deberán realizarse como mínimo 120 horas e ata un máximo de 500 horas por titulación. Entre os beneficios que as empresas ou institucións poden obter coa colaboración no programa de prácticas, podemos salienta os seguintes:

- A posibilidade de realizar estudos sobre temas específicos que consideren necesarios e interesantes.
- Constitúen un medio idóneo para dispoñer de persoas capacitadas e formadas.
- Supoñen un proceso óptimo de selección.
- As empresas amplían a súa esfera de relación, o que xera un mellor coñecemento das mesmas no seu medio, favorecendo novas posibilidades de actuación.
- Colaboran coa sociedade facilitando a formación práctica dos estudantes, o que contribúe a mellorar a capacitación dos futuros directivos e profesionais.

Características das Prácticas

O programa de prácticas está dirixido a todos o estudantado de licenciatura da Universidade de Santiago de Compostela, de calquera titulación, que teñan superados o 50 % dos créditos da titulación que cursan.

As prácticas adxudícanse en virtude das titulacións e localidades; no caso de concorrencia de varias solicitudes, pola nota media. O estudantado está cuberto polo seguro escolar durante a súa estancia na entidade colaboradora, e ao rematar o seu período de prácticas, expídesse:

- Certificado curricular: no que se fai constar que o/a alumno/a realizou prácticas nunha determinada empresa/institución, as tarefas desenvoltas, o período de prácticas e o número total de horas realizado.
- Certificado de créditos: a razón de 1 crédito por cada 30 horas de prácticas (hai un número mínimo de horas convalidables - 120 horas - e un tempo máximo - 500 horas). Estes créditos son imputados como créditos de libre configuración. Unha vez rematadas as prácticas, a entidade colaboradora ten que elaborar un certificado no que consten: o nome do/a alumno/a, o nome da empresa/institución, as tarefas desenvoltas, o período das prácticas e o número de horas realizado. Este certificado deberá enviarse: no caso de tratarse dunha empresa de Galicia á Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), e no caso de tratarse dunha empresa de fóra de Galicia, unha asociación sen ánimo de lucro, unha fundación ou dunha institución pública, ao Consello Social.


Que deben facer as Empresas/Institucións que queiran colaborar co Programa de Prácticas

Deben dirixirse ao Consello Social ou a Confederación de Empresarios de Galicia para solicitar as follas de inscrición (ordinaria ou adxudicación directa). Existe unha documentación básica que a entidade colaboradora deberá cumprimentar para formalizar as prácticas de cada alumno: oferta de prácticas (indicación das características esenciais das prácticas ofertadas); concerto de colaboración (documento que estipula as condicións das prácticas e que asinan a entidade colaboradora, o Consello Social e, no caso de empresas galegas, a Confederación de Empresarios de Galicia); finalmente a entidade colaboradora debe emitir un certificado final das prácticas. As entidades colaboradoras que solicitan estudantes en prácticas especificarán na súa solicitude as datas de inicio e fin das prácticas, así como o horario no que se van desenvolver.

EVOLUCIÓN PRÁCTICAS CONSELLO SOCIAL				
ANO	ALUMNOS INSCRITOS	CUMPREN REQUISITOS	OFERTAS	PRÁCTICAS
1995	839	511	150	89
1996	775	584	200	131
1997	898	686	285	154
1998	1.456	1.074	700	548
1999	2.555	2.228	1.485	1.110
2000	3.530	3.308	2.179	1.626

EVOLUCIÓN PRÁCTICAS CONSELLO SOCIAL

ANO	ALUMNOS INSCRITOS	CUMPREN REQUISITOS	OFERTAS	PRÁCTICAS
2001	3.369	3.200	2.647	2.062
2002	3.082	2.845	2.570	1.859
2003	2.952	2.763	2.768	1.968
2004	2.837	2.736	3.166	2.217
2005	2.543	2.398	3.192	2.126
2006	2.604	2.340	3.150	1.957
2007	2.191	1.991	3.060	1.663
2008	2.010	1.848	3.228	1.548
2009	1.645	1.549	3.161	1.354
2010	1.281	1.238	2.664	1.114
2011	1.231	1.207	2.439	1.135
2012	1.081	1.047	2.537	981
2013	729	709	2.234	665
2014	268	258	1.846	248
2015	87	87	1.665	84
TOTAL	37.963	34.607	45.326	24.639



BOLSAS DE COLABORACIÓN ASIGNADAS POLO CONSELLO SOCIAL PARA O CURSO ACADÉMICO 2015-2016.

DEPARTAMENTOS/INSTITUTOS DE INVESTIGACIÓN/CENTROS SINGULARES DE INVESTIGACIÓN	BOLSAS ASIGNADAS
Física de Partículas	1
Instituto de Ciencias Forenses "Luis Concheiro"	1
Análise Matemática	1
Enxeñería Química	1
CIQUS	1
CIMUS	1
Medicina	1
Pediatría	1
Química Orgánica	1
Edafoloxía e Química Agrícola	1
Bioloxía Celular e Ecoloxía	1
Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	1
Electrónica e Computación	1
Farmacoloxía	1
Física da Materia Condensada	1
Estatística e Investigación Operativa	1
Enfermería	1
Cirurxía	1
Ciencias da Comunicación	1
Psiquiatría, Radioloxía e Saúde Pública	1
CITIUS	1

DEPARTAMENTOS/INSTITUTOS DE INVESTIGACIÓN/CENTROS SINGULARES DE INVESTIGACIÓN	BOLSAS ASIGNADAS
Anatomía Patolóxica e Ciencias Forenses	1
Zooloxía e Antropoloxía Física *	1
Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía	1
Dereito Público Especial	1
Dereito Mercantil e do Traballo	1
Psicoloxía Evolutiva e da Educación	1
Historia Contemporánea e de América	1
Fisioloxía Vexetal	1
Lóxica e Filosofía Moral	1
Estomatoloxía	1
Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía	1
Patoloxía Animal	1
Física Aplicada	1
Teoría da Educación	1
Literatura Española, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral	1
Enxeñería Agroforestal	1
Microbioloxía e Parasitoloxía	1
Filoloxía Inglesa e Alemá	1
Didáctica da Lingua, Literatura e Ciencias Sociais	1
Instituto de Investigacións e Análises Alimentarias	1
Didáctica das Ciencias Experimentais	1
Química Inorgánica	1
Economía Aplicada	1

DEPARTAMENTOS/INSTITUTOS DE INVESTIGACIÓN/CENTROS SINGULARES DE INVESTIGACIÓN	BOLSAS ASIGNADAS
Filoloxía Galega	1
Ciencias Morfolóxicas	1
Producción Vexetal	1
Dereito Común	1
Ciencia Política e da Administración	1
Historia da Arte	1
Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	1
IBADER	1
Fisioloxía	1
Botánica	1
Didáctica e Organización Escolar	1
Xeografía	1
Psicoloxía Organizacional, Xurídica-Forense e Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	1
Matemática Aplicada	1
Didáctica da Expresión Musical, Plástica e Corporal	1
Dereito Público e Teoría do Estado	1
Filosofía e Antropoloxía Social	1
Xenética	1
Historia Medieval e Moderna	1
Fundamentos da Análise Económica	1
Ciencias Clínicas Veterinarias	1
Historia I	1

DEPARTAMENTOS/INSTITUTOS DE INVESTIGACIÓN/CENTROS SINGULARES DE INVESTIGACIÓN	BOLSAS ASIGNADAS
Xeometría e Topoloxía	1
Química Física	1
Instituto da Lingua Galega	1
Psicoloxía Social e Básica e Metodoloxía	1
Filoloxía Francesa e Italiana	1
Álgebra	1
Bioquímica e Bioloxía Molecular	1
Latín e Grego	1
Lingua Española	1
IDEGA	1
Economía cuantitativa	1
Instituto de Investigacións Tecnolóxicas	1
Anatomía e Producción Animal	1
Historia e Institucións Económicas	1
TOTAL	80

OUTRAS ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPOU O CONSELLO SOCIAL

Bolsas para causas sobrevidas ou imprevistas.

No ano 2013 o Consello Social consciente e sensible ante a existencia de alumnado con bo rendemento académico que estaba a atravesar unha situación de graves dificultades económicas derivada de causas sobrevidas ou imprevistas, e que poñían en perigo a continuidade dos seus estudos conducentes á obtención dun título universitario en calquera dos seus ciclos, considerou necesario o establecemento dunha convocatoria de axudas extraordinarias, dentro dos límites orzamentarios existentes, consonte os principios de equidade e xustiza social recollidos no seus Estatutos, facendo unha achega de 25.000 euros á Vicerreitoría de Estudantes para que se fixera pública a devandita convocatoria. No curso 2013-2014 gastouse unha parte deste importe no concepto obxecto da convocatoria, quedando o resto como remanente para a convocatoria de axudas do curso 2014-2015. Durante este ano se realizaron diversas xuntanzas da comisión encargada do reparto das axudas ata o seu total esgotamento.

ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPOU O CONSELLO A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE "ACTIVIDADES SUSCEPTIBLES DE SER FINANCIADAS POLO CONSELLO SOCIAL DURANTE O ANO 2015".

Proxecto Talent's Loop 2015

A actividade foi organizada polo decanato da [Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais](#). O obxectivo xenérico das actividades incluídas na programación era ofrecer unha formación complementaria aos estudantes sobre as competencias que demanda o mercado laboral na procura de emprego ou nas habilidades que lles permitan desenvolver o seu potencial emprendedor. Mellorar a empregabilidade do alumnado mediante: Formación na Aula; Habilidades comunicativas; Mesa redonda de panel de experiencias do alumnado; Posta en marcha dun laboratorio no que se simulou un proceso de selección de persoal; e simulacro de Networking. Un total de trescentos alumno/as visitaron os distintos espazos montados no hall da Facultade, e a participación total no proxecto foi de 56 persoas, fundamentalmente estudantes de últimos cursos de grao de ADE.

Foro "A Universidade do século XXI", e Foro "Memoria, Identidade, Cultura: o futuro das humanidades".

Os dous foros foron organizados polo [Centro de Estudos Avanzados](#). Tratábase de por en funcionamento un foro de debate, cara á comunidade universitaria e á sociedade, en torno aos principais retos que afronta a universidade nun momento de profunda redefinición das condicións nas que se desenvolve o ensino superior e a investigación pública nas sociedades avanzadas, e concretamente, na UE. Invitouse a especialistas de primeiro nivel, incluíndo custos de viaxe, aloxamento e remuneración.

Os foros lograron convocar na USC a expertos da máxima relevancia vinculados a distintos campos das políticas universitarias e de investigación. Comezaron as súas actividades en setembro cunha sesión coorganizada co Grupo Compostela de Universidades, e que levou por título "A Universidade do século XXI" que tivo continuación coa celebración doutras sesións xa nas instalacións do CEA. O segundo foro "Memoria, Identidade, Cultura: o futuro das humanidades" celebrouse ao longo do mes de maio, colaborando os principais grupos de investigación en humanidades da USC.

Mellora da normalización lingüística do galego na USC

Actividade organizada pola Vicerreitoría de Servizos Universitarios do Campus de Lugo, e que tivo como obxectivo facer unha ampliación das accións destinadas ao fomento da lingua oficial da USC na actividade universitaria habitual. Nese senso fixose unha "Xornada de Recursos Educativos" dedicada á educación artística (56 asistentes); dous concursos: un "Certame de radiogramas" e outro "Explicoché matemáticas 2.0"; e a campaña "Escolle o galego" dirixida ás facultades de Veterinaria e de Ciencias do campus de Lugo.

Creación dunha Unidade de Divulgación Científica

A actividade foi coordinada pola Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación e consistiu na creación dunha Unidade de Divulgación Científica na USC que permitira ser compatible co resto de unidades de España e de Europa, e que servira de apoio ao Persoal Docente e Investigador para optar ao financiamento de actividades por parte das convocatorias de fomento da cultura científica da FECYT e máis concretamente para coordinar todas as actividades relacionadas coa divulgación que se realizan na USC. A achega se utilizou para crear unha estrutura que permita comezar coa actividade e ir tecendo todo o necesario para chegar ao obxectivo final, que é incluír a Unidade dentro da estrutura orgánica da USC (RPT, orzamentos...)

Programa de captación e fidelización de talentos na USC

A actividade foi dirixida pola Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación, e consistiu no recoñecemento e captación dos mellores expedientes de ensino medio para que estuden na USC.

Realizáronse as seguintes actividades: Acto de recoñecemento aos mellores estudantes de centros de ensino medio de Galicia nas PAAU 2015; III Campus de verán científico-técnico no campus de Lugo; Proxecto ESTALMAT-GALICIA 2014-15; D3MOBILE; Concurso de geocaching-EPS no campus de Lugo; Olimpíadas de Bioloxía, Filosofía, Física, Matemáticas, Química e Tradución de Textos Clásicos.

Cobra especial importancia o Programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC", e que pretende dar a coñecer a USC a todo o estudantado de ensino medio, para elo diverso profesorado da nosa institución, así como alumnado e persoal de administración e servizos, se desprazan aos centros de ensino medio onde se lles presenta e explica aos estudantes as titulacións da nosa Universidade. Ademais das xuntanzas cos/as rapaces/as, tamén se teñen diversas reunións cos seus pais e nais, así como co persoal director e orientador

dos centros. Por último rematase cun acto de recoñecemento aos mellores estudantes de centros de ensino medio de Galicia.

Programa de innovación na docencia

Actividade organizada pola Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa.

Dentro da estratexia global de apoio á docencia existen dúas accións que supoñen unha mellora importante de calidade do servizo: Aumento de prácticas de campo nos centros; e a creación dun Sistema de Avaliación de competencias Obxectiva Estruturada (ACOE) da Facultade de Medicina e Odontoloxía. Coa achega do Consello Social logrouse, respecto ao primeiro obxectivo, aumentar o número de saídas de campo realizadas polos estudantes da USC, e respecto ao segundo conseguiuuse o obxectivo de programar unha proba ACOE de calidade e poder realizala cos medios axeitados.

Fomento da inserción laboral de estudantes da USC

A actividade foi organizada pola Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidades Sociais e través dela se realizaron diversas actividades encamiñadas á formación e empregabilidade do estudantado, encadradas en dou epígrafes: "Ferramentas e recursos para a busca de emprego" (3 xornadas, 3 Talleres prácticos e 1 Obradoiro) e "Competencias e habilidades profesionais" (1 Taller Práctico e 1 Curso).

O obxectivo último acadado ao final das actividades foi o de facilitar aos estudantes a súa incorporación ao mundo laboral mediante o desenvolvemento de competencias profesionais, así como tamén a súa preparación en estratexias e ferramentas de busca de emprego.

Proxecto Mentoring USC. Desenvolvemento profesional

Esta actividade foi dirixida pola Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidades Sociais, e consistiu na posta en contacto de estudantes de máster e último ano de grao con directivos de empresas e profesionais co fin de que podan orientalos tanto na busca de emprego como no desenvolvemento da súa carreira profesional. Trátase de poñer en valor o Networking como estratexia á hora de identificar oportunidades de emprego. Este primeiro ano o número de mentores inscritos foi de 66, e o número de alumnos inscritos foi de 124.



Presentación do Proxecto Mentoring USC

Unión de canles sociais: proxecto de arte comunitario

A actividade foi organizada polo Grupo de innovación Docente en Educación Artística GID-44-Innov-arte xunto co Departamento da Expresión Musical, Artes Plásticas e Visuais da Facultade de Ciencias da Educación.

O obxectivo da actividade foi o de fomentar e fusionar ás entidades públicas de formación educativa do alumnado da USC coa involucración de institucións sociais como Centros de Día (xente da terceira idade), garderías e institutos, fundacións ou asociacións dirixidas a persoas no eido da inserción social (coma Proxecto Home). Contidos realizados dentro da actividade: Espectáculo dirixido ao público infantil; Accións para a terceira idade; Accións para os nenos de educación infantil e primaria; Accións para os adolescentes; Accións para a fundación Síndrome de Down; así como actividades de inserción social.

A subvención achegada polo Consello Social axudou a acadar os obxectivos iniciais grazas ao financiamento das colaboracións externas, material necesario para as diferentes actividades programadas e os distintos desprazamentos para a interacción e comunicación cos diferentes responsables dos centros educativos. Realizáronse 17 tipos de actividades ao longo do ano así como 3 obradoiros.

EXECUCIÓN

DO ORZAMENTO

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO CONSELLO SOCIAL

DO CONSELLO

SOCIAL

CRÉDITO DEFINITIVO..... 200.000

CRÉDITO INICIAL.....200.000

REMANENTES AÑO ANTERIOR.....0

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO..... 200.000

GASTOS DEFINITIVOS..... 170.208,27

CAPÍTULO II84.136,23

 CAPÍTULO IV 76.072,04

 CAPÍTULO VI10.000

CRÉDITO DISPONIBLE..... 29.791,73

A U D I T O R Í A

F I N A N C E I R A E D E

AUDITORÍA FINANCEIRA E DE
LEGALIDADE DA UNIVERSIDADE

L E G A L I D A D E D A

U N I V E R S I D A D E

OUTRAS ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPOU O CONSELLO E CUXA FINANCIACIÓN FOI ANTERIOR AO 2015 PERO A SÚA EXECUCIÓN FOI NESTE ANO .

Centro Integral de Análise e Resolución de Conflictos da USC (CIARCUS)

O Centro dedica a súa actividade ao coñecemento e investigación dos conflitos que lle chegan para a súa resolución, prestando especial atención aos que presenta a institución universitaria, en canto ten unhas peculiaridades propias que provocan unha conflictividade específica e distinta á doutros sistemas e organizacións humanas, de feito pode apuntarse que as causas dos conflitos que de ordinario xorden no ámbito universitario, contan con orixes tamén moi diferentes: de carácter colectivo, entre a organización e os seus traballadores; de ámbito inter-profesional, entre os diversos profesionais así como entre colectivos e grupos profesionais; e finalmente, de ámbito organizacional: entre distintas entidades universitarias.

CIARCUS conta con distintos tipos de servizos:

- Servizo de Mediación Universitaria
- Servizo de Mediación Familiar
- Servizo de Mediación Civil y Mercantil
- Servizo de Mediación Comunitaria
- Servizo de Mediación Escolar
- Servizo de asesoramento na prevención e xestión de conflitos en diferentes contextos

M A R C O

MARCO NORMATIVO

N O R M A T I V O

Carta de publicidade dos informes correspondentes ao exercicio 2013 remitida pola empresa auditora ATD Auditores Sector Público S.L.:

La empresa auditora ATD Auditores Sector Público, S.L, con fecha 22 de junio de 2015 emitió el informe de auditoría de las cuentas anuales de UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA referidas al ejercicio 2014 en el que expresó una opinión favorable.

Asimismo, la misma empresa auditora ATD Auditores Sector Público, S.L, emitió informe de auditoría de las cuentas anuales correspondientes al ejercicio 2014 de las siguientes sociedades:

- *Con fecha 24 de junio de 2015 emitió el informe de auditoría correspondiente a SOCIEDADE XESTORA DE INTERESES DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO, S.L.U, en el que expresó una opinión favorable.*
- *En fecha 9 de junio de 2015 emitió el informe de auditoría correspondiente a CURSOS INTERNACIONAIS DA UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA, S.A, en el que expresó una opinión favorable.*
- *En fecha 15 de junio de 2015 emitió el informe de auditoría correspondiente a SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS, S.L, en el que expresó una opinión favorable.*

DO CONSELLO SOCIAL DA USC

- Orde do 5 de agosto de 2014 pola que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela (DOG nº 159, do 22 de agosto de 2014)

DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (DOG nº 29, do 12 de febreiro de 2014)

DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

- Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (DOG nº 125, do 3 de xullo de 2013)
- Resolución do 22 de decembro de 2010 pola que se dispón a publicación do acordo asinado polas consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, Facenda e Economía e Industria e polas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para o Plan de Financiamento do SUG 2011-2015 (DOG nº 11, do 18 de xaneiro de 2011)
- Resolución do 30 de decembro de 2011, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón unha addenda ao acordo asinado polas consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, Facenda e Economía e Industria e polas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para o Plan de Financiamento do SUG 2011-2015 (DOG nº 9, do 13 de xaneiro de 2012)
- Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 234, do 9 de decembro de 2011)
- Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2012)
- Decreto 103/2012, do 22 de marzo, polo que se regula o procedemento para a designación dos representantes de organizacións sindicais nos consellos sociais das universidades do Sistema Universitario de Galicia (DOG nº 64, do 2 de abril de 2012)

NORMATIVA XERAL

- Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (BOE nº 397, do 24 de decembro de 2001), modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE nº 89, do 13 de abril de 2007)
- Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable (BOE nº 55, do 5 de marzo de 2011)
- Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (BOE nº 131, do 2 de xuño de 2011)
- Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario (BOE nº 318, do 31 de decembro de 2010)

DE ENSEÑANZAS UNIVERSITARIAS OFICIAIS

- Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (BOE nº 224, do 18 de setembro de 2003)
- Real decreto 1044/2003, do 1 de agosto, polo que se establece o procedemento para a expedición polas universidades do Suplemento Europeo ó Título (BOE nº 218, do 11 de setembro de 2003)
- Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE nº 260, do 30 de outubro de 2007)
- Real decreto 1509/2008, do 12 de setembro, polo que se regula o Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (BOE nº 232, do 25 de setembro de 2008)
- Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE nº 190, do 6 de agosto de 2010)
- Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE nº 161, do 3 de xullo de 2010)
- Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento (BOE nº 35, do 10 de febreiro de 2011)

